

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 13, 21-33. 36-38

Naquel tempo, sentado á mesa cos seus discípulos, Xesús turbouse no seu interior e declarou abertamente:

– «Con toda verdade volo digo: un de vós hame de entregar.»

Os discípulos miraban uns para outros, sen saberen de quen falaba.

Estaba recostado no peito de Xesús un dos seus discípulos, aquel a quen Xesús amaba. Entón Simón Pedro fíxolle un aceno, para que lle preguntase a quen aludía. Daquela el, así apoiado no peito de Xesús, preguntoulle:

– «Señor, ¿quen é?»

Xesús respondeulle:

– «É aquel a quen eu lle vou dar o pan mollado.»

E mollando o pan, deullo a Xudas, o de Simón Iscariote. E naquel instante, xunto co pan, entrou nel Satán. Entón díxolle Xesús:

– «O que vas facer, faino axiña.»

Ningún dos que estaban sentados á mesa comprendeu por que lle dixera isto. Algúns coidaban que, ó ter Xudas a bolsa do diñeiro, dicíalle Xesús: "Merca o que precisamos para a festa", ou que lles dese algo ós pobres.

El, collendo o pan, saíu axiña. Era de noite.

Cando saíu, dixo Xesús:

– «Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda glorificado nel. Se Deus queda glorificado nel, tamén Deus o glorificará a el e hao glorificar axiña. Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco.

Habédesme buscar, pero, como lles dixeren ós xudeus, dígovolo a vós agora: "Onde eu vou, vós non podedes vir".»

Simón Pedro preguntoulle:

– «Señor, ¿onde vas?»

Xesús respondeulle:

– «Onde eu vou non podes ti seguirme agora, seguirasme despois.»

Pedro replicoulle:

– «¿Por que non podo seguirte agora? Estou disposto a dar a miña vida por ti.»

Xesús respondeulle:

– «¿Que ti darás a túa vida por min? Con toda verdade cho aseguro: non cantará o galo, antes de que me negues tres veces.»